
RESOLUCIÓN 07/18 DA DIRECCIÓN XERENCIA DE REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. POLA QUE SE ACORDA A DESISTENCIA DO PROCEDIMENTO DE CONVOCATORIA PARA A ELABORACIÓN DAS LISTAS DE CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CATEGORÍAS.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. En data **01 de xuño de 2018** publicouse no DOG Núm. 104 (páxina 27066) anuncio da licitación de referencia pola que se da publicidade á *RESOLUCIÓN do 28 de maio de 2018 pola que se anuncia a convocatoria para a elaboración de listas de contratación temporal por categorías.*

SEGUNDO. O día **14 de xuño de 2018**, recibíuse un escrito asinado por José Francisco Sánchez-Brunete Varela en representación de la **Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSIF)** polo que se solicita que se *“retrotraia o procedemento de elaboración e publicación das listas ao momento previo á negociación coas organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública”* posto que o artigo 110.c) da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia establece a dita posibilidade, sempre coa previa negociación coas **organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública.**

TERCEIRO. Tomando en consideración a anterior comunicación, e aínda que consideramos que a empresa non incorreu en ningunha infracción das normas de preparación das bases, consideramos que debemos ter en conta os graves prexuízos que ocasionaría o retraso na implantación e efectividade das listas por causa dunha eventual impugnación das mesmas tanto a RETEGAL como a terceiros interesados, polo que resulta aconsellable proceder á desistencia do procedemento sen prexuízo de inicio dun novo.

CUARTO. Resulta necesario salientar que RETEGAL negociou cos seus representantes legais dos traballadores, delegados de persoal (un afiliado a CIG e dous afiliados a UGT).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- I. Á vista do disposto no artigo 110.c) da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA), onde se establece a obriga da negociación coas **organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública.**
- II. Segundo o disposto no artigo 93 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento

administrativo común das administracións públicas, “*nos procedementos iniciados de oficio, a Administración poderá desistir, motivadamente, nos supostos e cos requisitos previstos nas Leis*”.

- III.** Os efectos da adopción do acordo de desistencia serán a compensación aos candidatos polos gastos debidamente xustificadas en que puideran incurrir e procederase á devolución da documentación daqueles que así o requiran por escrito no Rexistro de RETEGAL, no prazo de 15 días naturais a contar dende a publicación da presente Resolución de desistimento.

O desistimento non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento.

Á vista do que antecede,

RESOLVO

PRIMEIRO. acordar a desistencia do procedemento de convocatoria para a elaboración das listas de contratación temporal por categorías.

SEGUNDO. Autorizar a compensación, no seu caso, dos gastos nos que puideran incurrir os interesados coa presentación da documentación, todo elo previa xustificación dos mesmos.

TERCEIRO. Publíquese esta resolución no DOG e na páxina web de RETEGAL.

CUARTO. A orde xurisdiccional civil será competente para coñecer de cantas cuestións litixiosas afecten a presente contratación.

En Santiago de Compostela, a 14 de xuño de 2018

O Director Xerente

Miguel Rodríguez Quelle